

CLUB DANDI

Xosé Carlos Caneiro

Rarezas

Leonel Moura, portugués de Lisboa, é un artista conceptual especializado en «intelixencia artificial e arte robótica». Iso leo na publicidade que Alvarellos Editora fai de 30 gramos, a primeira novela editada en Galicia do autor citado. Leo o texto breve (non chega a 100 páxinas) con precaución, e iso é o peor que se pode facer con calquera libro. Deixo o labor para o día seguinte e pónome de contado a desfiar, libre de prexuizos, sobre a prosa estraña de Moura. E digo prosa estraña porque esta novela mestura xéneros, como nos di tamén Alvarellos, pero é fundamentalmente unha reflexión sobre a arte de vangarda do século XX. Reflexión que se resume vivamente na última frase da novela: «A verdade non é o asunto da arte».

Aquí queda reflectido un pensamento de peso que xustifica as páxinas anteriores, onde encontramos a Walter Benjamin, Wittgenstein, André Breton, Kafka, Marcel Duchamp e unha longa nómina de personaxes principais do século pasado. Por ese lugar deambula o protagonista, Gianfranco, que quere abrir unha das latas creadas por Piero Manzoni en 1961 (90 latas que gardaban os excrementos do autor). Novela interesante para ler, como dixeran ao comezo, sen ningún tipo de prexuízo. A tradución, profesional e ausente de desasosegos léxicos, de Ramón Nicolás.